



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

13 SEP. 2024 14:14:19

Entrada **38008**

Sobre o acoso sexual no CSIC e situación do persoal do buque oceanográfico García del Cid

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao acoso sexual no CSIC e situación do persoal do buque oceanográfico García del Cid.**

Hai un ano que a traballadora, Mari Carmen Fernández, desaparecía do buque oceanográfico García del Cid, adscrito ao CSIC, onde traballaba como camareira. Non se atopou o seu corpo e aínda non se deu oficialmente por falecida.

Como sabe o Ministerio de Ciencia, esta traballadora viuse obrigada a embarcar xunto ao seu agresor, o compañeiro ao que denunciou catro anos atrás por unha agresión sexual no seu camarote. E aínda que finalmente esta persoa baixou do barco, resulta evidente que a muller pasou por momentos de angustia e de estrés ao ver ao seu agresor.

Ao longo deste ano, despois da desaparición de Mari Carmen, foron de coñecéndose outras moitas denuncias relativas a situacións de abusos e de acoso sexual padecidas por mulleres que traballan no CSIC.

A inutilidade do Protocolo fronte ao acoso sexual desta institución quedou absolutamente demostrada. O BNG dirixiuse ao Ministerio de Ciencia en iniciativas parlamentarias anteriores para preguntar, non só sobre este caso particular, senón polos numerosos episodios que se foron coñecendo grazas ás denuncias públicas das mulleres afectadas.

Así, en resposta a unha pregunta parlamentaria do BNG, o Ministerio indicaba que entre 2019 e 2023, houbo “12 denuncias formais e 12 activacións do

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

13 SEP. 2024 14:14:19

Entrada **38008**



protocolo, admitíndose a trámite 7 e abríndose expediente disciplinario en 5 casos, en 3 deles aplicáronse sancións”.

Á marxe das cifras oficiais, un colectivo de máis de 20 mulleres que traballan para o CSIC sacaba á luz, en marzo pasado, todas as situacións de acoso sexual e abusos que sufrían.

O elevado número de casos deixa claro que, por moito que o Ministerio defenda o Protocolo, este non funcionou e non serviu para protexer ás mulleres traballadoras. É máis, o propio CSIC admitiu que tivo que poñer en marcha medidas adicionais.

En xullo pasado transcendía a noticia de que o CSIC iniciara un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) para a tripulación do Buque Oceanográfico García del Cid (12 persoas), alegando desde a dirección o despezamento do barco. Unha decisión inexplicábel nunha Administración Pública con persoal laboral fixo e que, casualmente, afecta unicamente ao barco onde se produciu a desaparición de Mari Carmen Fernández.

Resulta estraño apostar agora por un ERE para a tripulación dun barco nun organismo público menos dun ano da desaparición dunha compañeira no medio de decisións incongruentes coa situación da traballadora que deberan ter dado como resultado a asunción de responsabilidades.

Obrigado por un acordo no Congreso dos Deputados, o CSIC aprobou o 29 de abril o novo Protocolo fronte ao acoso sexual que aínda que mellora algunhas cuestións tamén foi obxecto de críticas por deficiencias como a falta de sancións disciplinarias até que non haxa unha sentenza xudicial firme condenatoria. Este baleiro deixa en papel mollado moitas das denuncias que se poidan producir e implica unha total desprotección ás mulleres do CSIC que non ven un compromiso real para atallar as situacións de acoso e de abusos sexuais.

Esperar a que se emitan sentencias xudiciais firmes é un auténtico brindé ao sol coñecendo a lentitude da xustiza en tramitar estes casos, por non falar da falta de garantías para que sigan adiante. O lóxico é aplicar o principio de precaución sempre.



É importante que o Ministerio tome en serio o problema ofrecendo ás mulleres as máximas garantías de protección e seguridade. Non hai que esquecer que no CSIC traballan máis de 15.000 persoas.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Transcorrido un ano da desaparición da traballadora que sufrira unha agresión sexual do Buque Oceanográfico García del Cid, Que información pode achegar o Goberno?
2. Á marxe do proceso xudicial e dado que o CSIC confirmou realizar a súa propia investigación interna sobre a desaparición de Mari Carmen Fernández e a situación xerada co seu agresor sexual, A que conclusións se chegou? Depuráronse responsabilidades? De non ser así, Cre normal que esta traballadora tivese que soportar a situación de atoparse co seu agresor?
3. Non considera probado que o Protocolo vixente era absolutamente desacertado e xeraba desprotección?
4. Por que non se nomeou aínda a ningunha persoa para a Unidade do Comisionado para Promover unha Contorna Laboral Saudábel e Segura, tal e como se establece no Protocolo actualizado en maio? Non cre que se debe axilizar?
5. Cal é a posición do Ministerio neste asunto despois de coñecer as críticas de mulleres do CSIC sobre as insuficiencias do novo Protocolo como é a imposibilidade de impor sancións disciplinarias até que recaía sentenza firme condenatoria? Non debería primar o principio de precaución para non deixar ás mulleres nunha situación de desprotección?



6. Ten previsto o Ministerio actuar e corrixir este aspecto para incorporar as sancións no Protocolo?
7. Cantos casos de acosos e abuso sexual foron rexistradas no período 2023-2024 nos centros do CSIC? Pode desagregalos por territorios e diferenciando barcos oceanográficos, centros de investigación e resto de dependencia ou oficinas?
8. Cales son as causas da presentación dun ERE para o persoal do buque oceanográfico García del Cid? Considera acaído presentar un ERE nunha Administración Pública con persoal laboral fixo? Vai retiralo e ofrecer unha solución adecuada ao persoal do buque García del Cid?

Madrid, a 13 de setembro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al acoso sexual en el CSIC y situación del personal del buque oceanográfico García del Cid.**

Hace un año que la trabajadora Mari Carmen Fernández, desaparecía del buque oceanográfico García del Cid, adscrito al CSIC, donde trabajaba como camarera. No se encontró su cuerpo y aún no ha sido dada oficialmente por fallecida.

Como sabe el Ministerio de Ciencia, esta trabajadora se vio obligada a embarcar junto a su agresor, el compañero al que denunció cuatro años atrás por una agresión sexual en su camarote. Y aunque finalmente esta persona bajó del barco, resulta evidente que la mujer pasó momentos de angustia y estrés al ver a su agresor.

A lo largo de este año, después de la desaparición de Mari Carmen, fueron de conociéndose otras muchas denuncias relativas a situaciones de abusos y de acoso sexual padecidas por mujeres que trabajan en el CSIC.

La inutilidad del Protocolo frente al acoso sexual de esta institución quedó absolutamente demostrada. El BNG se ha dirigido al Ministerio de Ciencia en iniciativas parlamentarias anteriores para preguntar, no solo sobre este caso particular, sino por los numerosos episodios que se fueron conociendo gracias a las denuncias públicas de las mujeres afectadas.

Así, en respuesta a una pregunta parlamentaria del BNG, el Ministerio indicaba que entre 2019 y 2023 hubo “12 denuncias formales y 12



activaciones del protocolo, admitiéndose a trámite 7 y abriéndose expediente disciplinario en 5 casos, en 3 de ellos se aplicaron sanciones”.

Al margen de las cifras oficiales, un colectivo de más de 20 mujeres que trabajan para el CSIC sacaba a la luz, en marzo pasado, todas las situaciones de acoso sexual y abusos que sufrían.

El elevado número de casos deja claro que, por mucho que el Ministerio defienda el Protocolo, este no funcionó y no sirvió para proteger a las mujeres trabajadoras. Es más, el propio CSIC admitió que tuvo que poner en marcha medidas adicionales.

En julio pasado transcendía la noticia de que el CSIC había iniciado un Expediente de Regulación de Empleo (ERE) para la tripulación del Buque Oceanográfico García de él Cid (12 personas), alegando desde la dirección el despiece del barco. Una decisión inexplicable en una Administración Pública con personal laboral hizo y que, casualmente, afecta únicamente al barco donde se produjo la desaparición de Mari Carmen Fernández.

Resulta extraño apostar ahora por un ERE para la tripulación de un barco en un organismo público menos de un año de la desaparición de una compañera en medio de decisiones incongruentes con la situación de la trabajadora que habían debido haber dado como resultado a asunción de responsabilidades.

Obligado por un acuerdo en el Congreso de los Diputados, el CSIC aprobó el 29 de abril el nuevo Protocolo frente al acoso sexual que, aunque mejora algunas cuestiones, también fue objeto de críticas por deficiencias como la falta de sanciones disciplinarias hasta que no recaiga una sentencia judicial firme condenatoria. Este vacío deja en papel mojado muchas de las denuncias que se puedan producir e implica una total desprotección a las mujeres del CSIC que no ven un compromiso real para atajar las situaciones de acoso y de abusos sexuales.

Esperar a que se emitan sentencias judiciales firmes es un auténtico brindis al sol conociendo la lentitud de la justicia en tramitar estos casos, por no hablar de la falta de garantías para que sigan adelante. Lo lógico es aplicar el principio de precaución siempre.



Es importante que el Ministerio tome en serio el problema ofreciendo a las mujeres las máximas garantías de protección y seguridad. No hay que olvidar que en el CSIC trabajan más de 15.000 personas.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. Transcurrido un año de la desaparición de la trabajadora que había sufrido una agresión sexual del Buque Oceanográfico García de él Cid, ¿Qué información puede acercar el Gobierno?
2. Al margen del proceso judicial y dado que el CSIC confirmó realizar su propia investigación interna sobre la desaparición de Mari Carmen Fernández y la situación generada con su agresor sexual, ¿A qué conclusiones se llegó? ¿Se han depurado responsabilidades? De lo contrario, ¿Cree normal que esta trabajadora tuviera que soportar la situación de encontrarse con su agresor?
3. ¿No considera probado que el Protocolo vigente era absolutamente desacertado y generaba desprotección?
4. ¿Por qué no se ha nombrado aún a ninguna persona para la Unidad del Comisionado para Promover un Entorno Laboral Saludable y Segura, tal y como se establece en el Protocolo actualizado en mayo? ¿No cree que se debe agilizar?
5. ¿Cuál es la posición del Ministerio en este asunto después de conocer las críticas de mujeres del CSIC sobre las insuficiencias del nuevo Protocolo como es la imposibilidad de imponer sanciones disciplinarias hasta que recaiga sentencia firme condenatoria? ¿No debería primar el principio de precaución para no dejar a las mujeres en una situación de desprotección?
6. ¿Ha previsto el Ministerio actuar y corregir este aspecto para incorporar las sanciones en el Protocolo?



7. ¿Cuántos casos de acosos y abuso sexual se registraron en el período 2023-2024 en los centros del CSIC? ¿Puede desglosarlos por territorios y diferenciando barcos oceanográficos, centros de investigación y resto de dependencia u oficinas?
8. ¿Cuáles son las causas de la presentación de un ERE para el personal del buque oceanográfico García de él Cid? ¿Considera apropiado presentar un ERE en una Administración Pública con personal laboral hizo? ¿Lo va a retirar y ofrecer una solución adecuada al personal del buque García del Cid?

Madrid, a 13 de septiembre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso